



**EN MEMORIA DE TAYLOR
(PRESO TRANS MORTO EN
PRISION EN REINO UNIDO)**





Fuente: Anarchist Black Cross Bristol

<https://bristolabc.org/riptaylor/>
bristol_abc@riseup.net
[@bristol_abc](#)

Traduce/Edita: Distribuidora Anarquista Polaris

<https://distripolaris.noblogs.org>
distripolaris@riseup.net
[@distripolaris](#)

//INTRODUCCION

O seguinte texto foi extraído en inglés da web des compañeiros da Cruz Negra Anarquista de Bristol e traducido para a súa difusión nos nosos territorios.

Quero dicir que ata que chegou a nova da súa morte, eu non oíra falar do caso de Taylor. Agora, coñecendo a gravidade das súas circunstancias, e as terribles condicións que tivo que soportar en prisión ata que finalmente remataron de empurralo ao suicidio, o único que podo sentir, ademais de ira, é unha enorme vergoña, polo meu propio descoñecemento pero tamén por unha crítica ao movemento e as súas “prioridades”, e aos marcadores que seguen guiando o criterio xeral á hora de elixir dar ou non apoio ou visibilidade a un caso dunha persoa encarcerada e torturada. Como din es compañeiros de Bristol, *necesitamos a solidariedade de todes...*

Esta tradución e edición nun formato doado de difundir e imprimir pretende ser unha pequena axuda nese sentido, dar a coñecer este caso e a crítica des compañeiros para poder reflexionar e evitar futuros desenlaces tan trágicos como este. Grazas por compartir esta historia, e por acompañar a Taylor, grazas por loitar.

Galiza. Península Histórica.
Julio 2022

Aviso de Contido: O texto contén mencións e detalles de Suicidio, Violencia Psiquiátrica, Transfoba, Homófoba, Machista, e torturas carcelarias. Por favor, precaución ao ler.

“Lume ás prisións e á sociedade que as necesita...”



R.I.P TAYLOR -

RAGE IS OUR WEAPON

Statement & call to action online -

WWW.BRISTOLABC.ORG/RIPTAYLOR

TAYLOR ESTÁ MORTO. Foi declarado morto en prisión ás 22:37 do sábado 9 de xullo tras cortarse o pescozo. Tiña que estar baixo vixilancia antisuicidios pero a prisión falloulle. Fomos informados polo gobernador da prisión ás 3:30 da mañá do domingo. A súa cela foi selada pola policía e agardamos novas da autopsia. Anunciaremos noticias do seu funeral nos próximos días e semanas.

A súa é unha historia de abuso, inxustiza, transfobia e traxedia. Non tiña que ser deste xeito. Foi asasinado polo Estado. A súa morte debería desencadear a resistencia e a rebelión dentro e fóra das prisións, en todas partes. Non temos ningunha esperanza posta na investigación do seu caso, nin en que o Estado poida impartir algunha clase de xustiza. **Este é un chamado ás armas para abolicionistas das prisións e anarquistas por todo o mundo.**

Coa raiba nas nosas veas e o amor nos nosos corazóns, ata que cada prisión convértase en cinzas. Taylor: eras o noso mellor rapaz. A nosa familia queer sempre che botará de menos. Nunca che esqueceremos e o Estado xamais será perdoado.

QUEN ERA TAYLOR?

Taylor foi un preso trans atrapado no sistema penal de Reino Unido durante case 14 anos. Era un preso IPP, que cumprira 10 anos de prisión máis dos que correspondían na súa sentenza orixinal. Era un amigo querido de compañeiros anarquistas que lle coñeceron en prisión. Tiña ACAB tatuado nos seus cotobelos e un espírito antiautoritario, así como un profundo amor polos animais non-humanos. Era un preso de clase obreira da “vella escola” que sabía de que lado estaba. Odiaba o sistema con cada parte do seu ser.

Taylor foi un dos primeiros membros presos da **IWW** por medio do **IWOC** (Incarcerated Workers Organising Committee) que foi atopado en Inglaterra, Gales, Escocia e Irlanda en 2015. Tamén estaba activo con **Smash IPP**, contribuíndo ao xornal e animando a outros prisioneiros IPP a unirse ao grupo.

O IPP, UNHA SENTENCIA DE MORTE

IPP (Imprisonment for Public Protection, Encarceramento para a Protección Pública) é un tipo de sentenza que foi introducida en 2005 e significaba que a xente sería sentenciada a unha “tarifa” inicial (o tempo mínimo que deben pasar no cárcere) e, tras este punto, a súa liberación sería decidida por unha xunta de liberdade condicional. Isto significa que baixo o IPP es preses NON TIÑAN data de liberación definitiva.

É efectivamente unha cadea perpetua por delitos menores. Tras unha enorme presión pública, as sentenzas IPP foron abolidas en 2012, pero non de forma retrospectiva, o que significa que segue habendo máis de 3500 persoas en prisión en Reino Unido sen data de liberación. A incerteza é un inferno. Estas sentenzas levaron ao Reino Unido a ter unha das maiores taxas de suicidio de persoas presas do mundo.

Polo menos 243 des preses IPP en Reino Unido morreron en prisión, des cales 72 quitáronse a vida.

Para Taylor, a IPP foi unha sentenza de morte. Caéronlle 4 anos por roubo, pero estivo 14 anos en prisión antes de morrer. O encarceramento a longo prazo sen unha data final destruíu totalmente a saúde mental de Taylor. Tentou suicidarse múltiples veces, incluíndo cortarse a súa propia gorxa e tomar sobredoses que lle levaron a estar en coma dúas veces. Finalmente asasinárono.

SEN DATA DE SAÍDA

A IPP funciona coa persoa presa primeiro cumprindo unha tarifa inicial, tras a cal ten unha audiencia coa xunta de liberdade condicional. Esa xunta decide se liberar á persoa presa, ou recomendala para condicións de réxime “aberto” (categoría D), encarceramento psiquiátrico ou rehabilitación, por exemplo. Tamén poden decidir se unha persoa presa debe permanecer en prisión por máis tempo, e recomendar certas cousas, como cursos que a persoa presa debe completar. O Servizo de Liberdade Condicional externo e os Administradores de Delinquentes dentro da prisión crean informes que fan recomendacións, e es recluses tamén

adoitan estar suxeites a diversas avaliacións de risco ou informes psicolóxicos.

En cada audiencia coa xunta, pódense crear novos “aros” a través dos cales a persoa presa necesitará saltar. Por exemplo, unha persoa presa pode facer todo o que lle indica a xunta de liberdade condicional e logo, dous anos máis tarde, na próxima audiencia, a xunta pode dicir “aínda debe abordar o comportamento X e, por tanto, seguir o curso X”. Isto conduce a un continuo proceso de encarceramento cuxos postes de meta son repetidamente movidos. A incerteza, a frustración e a falta de enerxía conducen ás persoas presas a un deterioro no comportamento, xa sexa incrementar o consumo de drogas, autolesionarse ou iniciar protestas.

Este comportamento logo convértese na xustificación para o seu continuo encarceramento, porque esa persoa non é “segura” para a “comunidade” ou non abordou “o seu comportamento ofensivo”. Así o ciclo continúa.

Temos 14 anos de evidencia catalogada de audiencias de liberdade condicional imposibles e fracasos da prisión. A razón para manter a Taylor en prisión eran as súas tendencias suicidas, pero estas tendencias suicidas eran causadas pola prisión. Cada ser humano ten un límite do que pode aturar. A morte converteuse na única opción para Taylor xa que todas as portas legais á liberdade pechábanselle unha e outra vez.

TRANSFOBIA - PATOLOXIZADO, HOSPITALIZADO E ENCARCERADO

En 2018, Taylor deu o seu consentimento para compartir máis información sobre a historia da súa vida, para axudar a concienciar sobre es preses trans e o que pasa cando o sistema médico patoloxiza ás persoas trans.

Na súa infancia, Taylor foi sometido a anos de abuso físico, sexual e psicolóxico por parte da súa nai e do seu padrasto. Conseguiu escapar e ser adoptado poles súes avoas cando entraba na adolescencia, con todo, volvería con frecuencia a visitar á súa familia, buscando desesperadamente amor e validación, pero non atopou nada. Este intenso patrón de trauma seguiu sempre.

Desafortunadamente, durante a súa sentenza, a súa nai e pai adoptivos morreron, e como resultado el perdeu a súa principal rede de apoio. A dor era insoportable e foi incapaz de sanarse debido a estar encerrado nunha cela e non poder visitar as súas tumbas ou procesar a dor completamente. Sabemos que está con eles agora.

Taylor sempre soubo que era un home. Foi a un doutor local sendo un mozo adolescente e expresou os seus sentimentos e os seus problemas co seu xénero asignado. O doutor patoloxizou a Taylor como “inestable” e negoulle calquera acceso a hormonas ou a ciruxía. Isto foi hai máis de 30 anos e o acceso a hormonas en liña ou outros grupos de apoio era case imposible. Antes de entrar en prisión, Taylor nunca coñecera a outra persoa trans.

A combinación de abuso infantil e disforia de xénero conduciu a Taylor ao abuso de alcol e drogas, así como a un patrón de autolesión a longo prazo. Taylor converteuse nun adicto, e como persoa de clase traballadora sen recursos financeiros, o “delito” era a única opción para soste-lo seu hábito. Isto levou a Taylor a unha vida moi autodestructiva, incluíndo moitas relacións abusivas e accións que lamentaría profundamente. Taylor accedeu a moitos servizos de saúde mental, con todo, ningún deles afirmou a identidade de xénero de Taylor ou as súas necesidades, e foi repetidamente patoloxizado, hospitalizado e encarcerado.

No resumo dos xuíces do seu caso no que recibiu unha sentenza de IPP, recoñeceron que foron os “problemas de xénero” de Taylor os que levaron ao seu encarceramento.

Taylor experimentou abuso transfobo en prisión tanto por parte dos funcionarios como doutres prisioneiros. Unha vez foi atacado por unha moza do seu módulo no patio. Afortunadamente, o noso Taylor era un loitador e defendeuse. Cuspíulle e díxolle **“aquí tes un pouco do meu xénero fluído”**.

Es funcionarios, ao longo desta sentenza, converteríanse en alvo de insultos, **chamándolle polo seu nome de nacemento e tratándoo reiteradamente polo seu xénero asignado ao nacer.** Na prisión de Eastwood Park, o funcionario Lorde chamoulle varias veces polo seu nome de nacemento co fin de provocalo

para que actuase contra el e así sabotear a súa próxima audiencia de liberdade condicional.

Cando foi admitido nun hospital psiquiátrico tras unha serie de tentativas de suicidio, a Taylor asignóuselle un psiquiatra. Durante as sesións, Taylor foi repetidamente deshumanizado e alentado a verse a si mesmo como unha muller. Dixeron que as relacións eran unha parte central do seu “comportamento ofensivo” e desanimárono a se relacionar con mulleres, ou con calquera persoa. Durante este intenso tempo de vulnerabilidade, Taylor cría que o único xeito de chegar a ser liberado algunha vez da prisión era finxir ser unha muller e non ter ningunha relación romántica con mulleres.

Afortunadamente, unha vez que abandonou o hospital e deixou de ter sesións decatouse de que isto era un gran acto de violencia institucional transfobo e horrible. Unha violencia que xente trans de todo o mundo experimentou, patoloxizadas polas autoridades psiquiátricas.

Taylor ficou impresionado coas cartas e postais que recibiu da comunidade trans. A pesar dos mellores esforzos da prisión para evitar que obtivese un binder, incluso alegando que non recoñecían se os binders enviados eran “para arriba ou para abaixo” (?) e negándose a entregalos, finalmente experimentou a euforia de facer que o seu peito estivera aliñado máis estreitamente co seu xénero. Falaba con entusiasmo acerca de someterse a unha ciruxía superior cando estivese fóra e correr medio espido na praia e nadar no mar. Agora nunca terá a oportunidade.

HOMOFOBIA NO CÁRCERE

As relacións foron constantemente consideradas un “factor de risco” para Taylor e a súa atracción polas mulleres foi continuamente patoloxizada e criminalizada en prisión. Durante os 14 anos que estivo tras os barrotes, estivo separado de moita xente á que quería. Incluindo unha relación a longo prazo que durou ao redor de 6 anos, polo que foi violentamente separado dela e o servizo penal intencionalmente mantívoes apartades, non permitíndolles reunirse de novo ata anos recentes.

En prisión, as relacións físicas son castigadas, podes recibir un IEP (que abonda para conducirche á segregación básica ou total). Isto sucedeu moitas veces ao longo da sentenza de Taylor. A constante vixilancia por parte des funcionaries e a separación entre el e a xente pola que se preocupaba tamén contribuíron a destruír a vontade de vivir de Taylor.

Se Taylor obtivese a liberdade condicional na súa próxima audiencia, unha condición era que se abstivese de todas as relacións románticas e íntimas. O seu propio avogado díxolle que tería que cumprilo, aínda que todes sabemos que a proximidade con outres humanes é unha parte profundamente necesaria da supervivencia dunha persoa. A miúdo falabamos con Taylor sobre como o Estado estaba a actuar igual que un compañeiro abusivo e controlador. El tamén se sentía sen forzas para desafiálo.

Na última semana da súa vida, Taylor foi criticado por bicar a outra prisioneira. Este foi un dos eventos causantes que conduciron á súa morte.

PRISIÓN HMP EASTWOOD PARK, BURACO DO INFERNO

HMP Eastwood Park é unha “prisión de mulleres” en Gloucestershire, non moi lonxe de Bristol. O horror emerxe dos seus muros con regularidade, 3 preses morreron alí no último mes. Unha muller, Kayleigh, morreu dous días antes que Taylor no mesmo módulo.

A xente é violentamente atacada poles funcionaries habitualmente e predomina o abuso sexual a prisioneiros. Nunha visita recente con Taylor el compartiu como **mulleres presas foran obrigadas a ter sexo oral cos funcionarios a cambio de deixarlles pasar drogas que viñan do exterior.**

Taylor estaba moi preto da liberdade e a prisión de HMP Eastwood Park arrebatoullo todo. O que desencadeou a espiral definitiva de tentativas de suicidio de Taylor foi completamente evitable. El obtivera por fin o seu ROTL (liberación con licenza temporal), coa cal podería saír da prisión durante un día cun funcionario como un xeito de “traballar cara á liberación” e demostrar á xunta de liberdade condicionada que era “seguro”.

O 20 de maio, Taylor estivo en Cabot Circus en Bristol, onde a funcionaria responsable de supervisalo abandonouno. Taylor tentou atopala, pero non puido. El non tiña teléfono nin maneira de atopar á funcionaria a pesar de buscar continuamente pola cidade. Taylor conseguiu informar disto ao cárcere. No canto de responsabilizarse por perder a Taylor, a funcionaria que o escoltaba en Bristol mentiu e dixo que foi Taylor o que desapareceu durante unhas horas a propósito.

Taylor enfadouse e tirou unha planta na recepción. Os funcionarios logo atacárono. Pegáronlle unha malleira e arrastrárono a unha nova cela, sen ningunha das súas pertenzas. Vimos a Taylor días despois e puidemos ver negróns por todo o seu corpo. Taylor estaba a esperar ciruxía por unha hernia e esta maneira de ser “dobregado” poles funcionaries foi un acto de violencia que puido custarlle a vida.

Lanzouse unha alerta de acción que 544 persoas enviaron á prisión advertíndolles de que os seres queridos de Taylor estaban seriamente preocupados polo seu benestar e que este trato abusivo só ía exacerbar as súas graves condicións de saúde mental e física despois de anos de encarceramento. Este incidente desencadeou os tres intentos de suicidio e o último que o matou. **E se miles participasen na alerta de acción?** Como poderíamos facer que Eastwood Park se decatara? Estas son as preguntas que sempre nos atormentarán.



GUERRA DE CLASES

Todo na vida de Taylor está moldeado pola súa clase social. Non queremos que isto se borre. Non é a xente rica que se droga a que remata en prisión. É a xente pobre, oprimida polo noso sistema económico, a que remata en prisión, e son mantides alí para manter a existencia dunha sociedade estratificada por clases.

LECCIÓNS PARA OS NOSOS MOVEMENTOS

*“O Estado é violencia permanente” - **Errico Malatesta***

Escribimos “os nosos movementos” pero non sempre sabemos quen son “os nosos”. Queremos recoñecer que houbo un pequeno número de increíbles amigos cercanes e compañeiros nas nosas redes que nos apoiaron ao longo dos anos. Sabedes quen sodes <3 Quen estaba alén do teléfono despois de visitas angustiosas, ou quen cumpriu as alertas de acción que publicamos na internet. Quen enviou postais a Taylor e quen veu ás manifestacións ruidosas.

Pero maiormente sentímonos sós. Taylor estaba só. Es compañeiros pasaron por anos de inferno e na maioría das ocasións tiveron que suplicar o apoio. Unha persoa apoiou a Taylor durante 13 anos, 9 dos cales estivo case completamente soa a pesar dos seus mellores esforzos por falar deste caso nos seus grupos e escribir sobre Taylor na internet. Algúns sitios web anarquistas non compartiron as nosas convocatorias ou peticións de apoio porque Taylor non era un “preso político”. Mesmo a pesar de que unha comprensión da opresión de clase e xénero é parte central do pensamento anarquista.

A morte de Taylor podíase evitar. Se houbese máis apoio, máis resistencia. Se os nosos movementos fosen unha fodida ameaza. Se as autoridades penais teméranos a nós e ás nosas chamadas á acción. Necesitamos loitar como o inferno por quenes aínda viven. Necesitamos loitar como o inferno por quenes aínda seguen dentro.

ABOLICIÓN DOS CÁRCERES SIGNIFICA APOIAR AES PRESES

A abolición converteuse no sabor da semana por un curto tempo. Con todo, o traballo pouco atractivo e sen glamour das chamadas telefónicas, as visitas, as alertas de acción, a recadación de fondos incesante, etc. des preses non atrae a moita xente. Dixéronnos que faciamos este traballo de maneira “insostible”, pero non se nos deu ningún apoio práctico para quitarnos a carga dos ombreiros. Negámonos a abandonar aes nosas amigas en prisión.

Si, necesítase unha diversidade de tácticas. Pero isto non pode ser usado como unha escusa para non involucrarse co traballo non glamuroso no que obter un traslado a unha prisión cun pouco menos de matóns supremacistas brancos, que reducen as posibilidades de ataques racistas aos seus seres queridos, tarda un ano e non irá máis aló do que obteñas.

Que axudaría a evitar a morte de Taylor? Xente escribíndolle e construíndo confianza con el para que así tivese un círculo de amizades máis expandido. Axudar a quen viaxaba para visítalo. Asesoría legal e apoio para o seu papeleo coa xunta. Xente axudando coas nosas chamadas á acción e compartíndoas. Xente ofrecendo consello ou apoio para o crecente estrés traumático (ou mesmo simplemente recoñecendo o fodidamente moito que isto nos custaba). Xente vindo ás manifestacións que convocamos para apoiar (**e non tendo que humillarnos suplicando á xente que aparececen**). Xente con privilexios dándonos acceso ás súas redes para axudar a sacar a Taylor á luz (traballo de prensa, traballo legal, etc.), ou doando cartos para axudar co crowdfunding para a súa ciruxía de peito ou para os gastos de ir visítalo. Organizando eventos para escribir cartas a preses trans. Axudando a organizar eventos de noite informativa para **Smash IPP** ou **IWOC**. Colgando pancartas. Difundindo as nosas declaracións e deseños.

Necesitabamos a raiba de todes. Necesitabamos non sentirnos soes. Queríamos sentir a solidariedade na práctica. Queríamos que a xente entendese que a abolición significa apoiar aes preses. Que esta debería ser unha enorme parte do movemento e que manter aes nosas amigas vivas na prisión é parte da resistencia.

Necesitamos que a xente recoñeza que es preses non son proxectos. Non son “traballo social”. Non son un fascinante obxecto de estudo sobre o cal escribir na tese do teu Master. Non son o mesmo que organizar unha feira do libro ou dirixir unha campaña. Son seres humanos e o que está en xogo é a súa fodida vida ou morte. A xente necesita coherencia. Necesitan coidados e amizade. Necesitan ser tratados como fodidos seres humanos. Taylor amábanos non porque fôsemos anarquistas senón porque somos es súes fodides amigos. Somos a súa familia. Porque amabamolo con paixón e tenrura por ser quen era e non porque fose un preso.

A ABOLICIÓN DAS PRISIÓNS SIGNIFICA REVOLUCIÓN. NON MÁIS FODIDOS GRUPOS DE LECTURA. ONDE ESTÁ A NOSA RAIBA?

Nada pode describir a sensación de cando recibes outra chamada de teléfono que di que o teu amigo foi sacado da prisión en helicóptero porque cortou o pescozo porque xa non podía aturar máis o abuso no cárcere. A raiba contra os 6sistemas penais percorre todas as túas veas. Queres destruír o mundo enteiro. Pero vólveste cara aes túes compañeiros e... onde están?

Dalgún xeito, temos a sensación de que, mesmo entre abolicionistas das prisións, a violencia que ten lugar dentro dos propios cárceres é a miúdo ignorada e es preses son esquecides, borrades, tratados de forma externa con paternalismo e “tokenizados”¹. Si, a abolición necesita que queimemos todo o Estado, as fronteiras, o sistema educativo, non só as prisións. O Estado desaparece á xente así que temos que traballar o dobre de duro para asegurarnos de que a xente presa non sexa borrada.

Os nosos seres queridos son torturados e a resposta é empezar grupos de lectura sobre abolición dos cárceres. Escribir artigos para o diario transfobo Guardian. Dixéronnos unha e outra vez que a xente non tiña “a capacidade” de facer unha manifestación agora mesmo. Lidamos co silencio en chats grupais de Signal cando pediamos apoio. Onde está a vosa fodida raiba??? Por que non estamos a queimar estes lugares ata os seus fodidos cimentos? O “movemento abolicionista das prisións” en Reino Unido é pasivo e dócil. Non é rabioso dabondo. Non podedes aprender sobre

abolir as prisións só lendo un libro. Coñecer as vidas des preses, ou dos seres queridos das persoas presas. Hai fódidos milleiros de nós, pregunta a calquera as súas experiencias e escoitarás historias de negligencia, abuso e violencia. Esa é motivación dabondo para pelexar.

Es abolicionistas das prisións revolucionaries nos denominados Estados Unidos arriscarían a súa vida por ceibar á xente das plantacións escravas. Empezaron o Underground Railroad para ceibar ás súas familias e compañeiros. Onde está a acción directa para ceibar aes noses compañeiros das gaiolas? Onde está a raiba cando morren dentro? Como impulsamos os nosos movementos alén das campañas de porta-a-porta polo fódido Jeremy Corbyn???

ABOLICIÓN DAS PRISIÓNS SIGNIFICA REVOLUCIÓN. SIGNIFICA DESTRUÍR AO ESTADO. SIGNIFICA ACCIÓN DIRECTA. SIGNIFICA POR A GUERRA NA GUERRA DE CLASES.

Sabemos que Taylor era só un entre as millóns de persoas ao redor do mundo pechadas nunha gaiola. Sabemos que miles de persoas son asasinadas polo Estado en guerras, como na invasión de Ucraína. Sabemos que o Estado asasina persoas nas súas fronteiras, en centros de detención, nas prisións, nos psiquiátricos. Sabemos que son aqueles danades pola supremacía branca, o capacitismo, a pobreza e a transfobia quenes afrontan o extremo máis afiado desta violencia. Toda persoa encarcerada é presa política.

A investigación e o informe do Defensor do Pobo sobre Prisións e Liberdade condicional non lograrán “xustiza”. As prisións están a funcionar exactamente como foron deseñadas. Este horror non é un accidente. É intencional.

Unha piscina do sangue de Taylor cubría a cela na que morreu só. O seu sangue cobre as mans do servizo de prisións e non afrontarán repercusións. A menos que nós fagamos que as afronten.

Chamamos á rabia en todas partes. Lembrade a Taylor. Loitade con todo o que

teñades por aqueles que seguen no cárcere. Basta de consignas baleiras, esta é **unha loita a vida ou morte**.

Chamamos aes noses compañeires a honrar a Taylor de todos os xeitos que coñezan.

Contra as prisións, contra o Estado.

Pola amizade, pola liberdade, pola revolución.

NOTAS DE TRADUCCIÓN:

1. “Tokenizado” é un concepto derivado do termo inglés “tokenized”. Refírese á apropiación da situación de opresión dun colectivo marxinalizado por parte dun sector privilexiado, co fin de que o sector privilexiado poida branquear a súa imaxe usando aes primeiros como cosmético. Un exemplo serían partidos políticos abertamente racistas e xenófobos ou LGTBIQfóbicos que inclúen entre o seu persoal a unha persoa racializada ou non heterosexual para aparentar ser inclusives ou para disimular a súa discriminación.

2. Jeremy Corbyn é un político do Partido Laborista británico, rostro visible do Estado “progresista” e dalgunhas campañas reformistas nas que se presenta como “activista” do ecoloxismo, o “pacifismo”, os dereitos dos animais... causas que en realidade só aspira a cooptar.





+ INFO

[HTTPS://BRISTOLABC.ORG](https://bristolabc.org)

A dense floral pattern of red, pink, and white flowers, possibly dahlias, on a black background. The flowers are arranged in a way that they appear to be growing from the bottom and sides, framing the central text. The colors are vibrant, with some flowers showing a gradient from white to pink or red.

**“MOURN THE DEAD,
FIGHT LIKE HELL FOR
THE LIVING...”**